Universidade Vigo
Campus de Pontevedra
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
Campus Universitario
36005 Pontevedra
España
Tel. 986 801 700
Fax 986 801 701
fcced.webs.uvigo.es
sdexbp@uvigo.es

NORMATIVA PARA CAMBIO DE GRUPO 2026/27

Os grupos de docencia dos graos publícanse na web do centro. Nótese que os primeiros días estes grupos son **provisionais** e puntualmente o centro poderá facer axustes no caso de se producir problemas de descompensacións.

Establécense **dous prazos** nos que se poden solicitar cambios de grupos de prácticas:

- 7 ao 18 de setembro de 2026 (materias 1º e 2º cuadrimestre).
- 18 de xaneiro ao 1 de febreiro de 2027 (materias 2º cuadrimestre).

Considerarase a aceptación de **permutas** (intercambios) de grupos entre alumnado.

Considerarase a aceptación de cambios de grupo **individuais** motivados polas seguintes **causas, entregando documentación acreditativa**:

- Incompatibilidade laboral acreditada (con **vida laboral**, copia de contrato e horario de traballo selado pola entidade contratante).
- Cargas familiares debidamente xustificadas.
- Deportistas de Alto Nivel que acrediten esta condición mediante inscrición no Rexistro de Deportistas de Elite.
- Matrícula no curso de Adaptación ao Grao.

A aceptación dos cambios de grupo individual dependerá de que non se produzan descompensacións.

Estudaranse outras posibles causas alegadas polo alumnado, pero, en particular, **NON se aceptarán cambios motivados por**:

- Superposicións de horario de materias de diferentes cursos.
- Incompatibilidade laboral non acreditada.
- Simultaneidade con outros estudos.
- Problemas de transporte.
- Adestramento deportivo.

Os formularios de solicitude están dispoñibles no apartado de Organización Académica da web da facultade. Subiranse escaneados no formulario dispoñible na Secretaría Virtual:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/14800